

Suplemento  
realizado  
pola Mesa pola  
Normalización  
Lingüística

A MESA POA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

Quinta feira,  
21 de marzo  
de 2019  
Número 19

Os dereitos lingüísticos entran de cheo en campaña na Galiza >>> 2

A ONU tíralle das orellas ao Estado español >>>2-3

Para mellorarmos a calidade da nosa lingua. O demostrativo >>> 3



## Liberdade para o galego

Unha manifestación dá comezo en Lugo a unha campaña que culminará o 17 de maio

A plataforma cidadá Queremos Galego, composta por máis de 700 entidades, comezou o pasado 6 de marzo en Lugo unha campaña a prol da liberdade do galego que confluirá nas mobilizacións que se celebrarán o 17 de maio en todas as cidades galegas.

A campaña pola liberdade da cidadanía galega para falar a súa lingua dará continuidade á repulsa social amosada en Lugo pola sentenza “ideolóxica” coa que o Tribunal Supremo (TS) rexeitou o recurso presentado polo Concello de Lugo contra o fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) que anulaba parcialmente a ordenanza de normalización lingüística da cidade, aprobada por unanimidade polo pleno da corporación en 2012 e ratificada tamén por unanimidade tras a sentenza do TSXG.

O portavoz de Queremos Galego, Marcos Maceira, recordou na mobilización que decorreu o 6 de marzo en Lugo que a sentenza do Supremo “pretende pór límites á oficialidade da lingua galega e impedir que poida manter calquera situación de igualdade respecto ao castelán”, establecendo uns máximos que o galego non debe traspasar baixo ningún concepto. Illegaliza ademais unha posición social maioritaria no conxunto do pobo galego, a de que a lingua propia de Galiza é o galego, que é o noso principal elemento de identidade colectiva e que se atopa nunha absoluta situación de desprotección, aínda cunha lexislación que no mellor dos casos non se aplica e se vulnera constantemente. O mesmo tribunal non actúa contra as máis de 500 disposicións legais que garanten a presenza absoluta do español e sitúan o galego en situación de inferioridade.

“Que liberdade hai de empregar o galego se as empresas concesionarias da administración non teñen que ofertala?”, pregúntase Maceira, “a única liberdade que vén de recoñecer o TS é a destas empresas para excluír os falantes de galego de servizos públicos”.

Embora a lexislación e acordos favorábeis á lingua galega sexan poucos e limitados, a vontade xeral por repor, rehabilitar e normalizar o noso idioma, fica claramente reflectida en textos como o Estatuto de autonomía de Galiza, a Lei de normalización lingüística, a Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais, o Plan xeral de normalización da lingua galega, e mesmo tratados internacionais como a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas, ratificada polo Estado Español en 2001, ou outros acordos como a Declaración universal de dereitos lingüísticos.

## A Mesa recórdalle ao PP que a cidadanía ten dereito a ser atendida na súa lingua

### AS SENTENZAS DO TS E DO TSXG NO CONCELLO DE LUGO ELIMINAN:

- O ARTIGO 1:  
«O galego como lingua propia de Galiza, e idioma oficial do Excmo. Concello de Lugo»  
«As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia»
- A rotulación en galego de oficinas e despachos
- A utilización do galego polas empresas mentres traballan para o concello incluíndo rotulación e atención ao público, e nas actividades subvencionadas
- A atención preferente en galego polo persoal do concello e o dereito a termos atención en galego por persoal dos servizos privatizados
- A utilización do galego polos cargos electos no exercicio das súas funcións
- O galego como lingua da formación profesional do funcionariado do concello

As sentenzas do TS e do TSXG están baseadas en prexuízos contra o galego que afirman que o noso idioma só pode ter presenza nos textos legais se é baixo o amparo do castelán e en inferioridade de posibilidades de práctica e uso.

**NÓS NON O IMOS CONSENTIR!**

www.queremosgalego.gal



que todos teñen o dereito de o coñecer e de o usar, así como a obriga dos poderes públicos de garantir o seu uso normal e oficial e de potenciar o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, indicando que ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua. Por iso, a Mesa exílle ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feixoo, que “deixe de seguir as propostas da extrema dereita e comece a exercer de presidente, reclamando dentro e fóra do seu partido respecto polo Estatuto que xurou cumprir”.

“A proposta do PP supón prohibir ou limitar gravemente o dereito da cidadanía galega a usar a

nosa lingua en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, a sermos atendidos e entendidos correctamente na administración pública”, explica Maceira, ao tempo que lle lembra ao PP que “é a administración a que está ao servizo da cidadanía e non a revés”. “Se queren defender a liberdade”, continúa Maceira, “o primeiro que deben garantir é o dereito a utilizar a lingua galega sempre e en todo lugar, en servizos públicos ou privados. Este dereito xa está limitado na actualidade, pola ausencia de requisito nas listas do Sergas ou na administración xeral do Estado”.

“Pretenden prohibir de novo o uso do galego, culpabilizando as persoas que se verán discriminadas polo uso da súa lingua nos servizos da propia Xunta de Galiza e negando dereitos humanos básicos, como non padecer discriminación por razón de lingua”, conclúe o presidente da Mesa. “Se esta discriminación é grave nas empresas privadas é máis na administración pública que debe velar por estes dereitos”.



## A ONU recolle as vulneracións dos dereitos lingüísticos na

Fernand de Varennes, relator especial para as minorías da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, recolleu no seu informe preliminar sobre o Estado español algunhas das evidencias das vulneracións dos dereitos lingüísticos da poboación galega que lle presentaron representantes da Mesa pola Normalización Lingüística na xuntanza que mantiveron con el en Compostela. A Mesa, que xa interviñera en xuño do 2015 no Consello de Dereitos Humanos da ONU en Xenebra, manterá o contacto co relator para informal da situación na Galiza.

De Varennes salienta que “as minorías lingüísticas teñen dereito a usar o seu idioma nas súas interaccións coas autoridades e institucións estatais, sempre e cando sexa razoábel e xustificable, segundo a proporción da poboación que o fale localmente, pero isto segue sen cumprirse nalgunhas rexións”. E recorda, explicitamente, que -tal e como vén denunciando a Mesa en innúmeras ocasións- “disposicións como o artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial son un obstáculo importante para o cumpri-

mento por parte de España das súas obrigas internacionais en relación co uso cooficial das linguas minoritarias, xa que estipula que nos procedementos xudiciais, os xuíces, maxistrados, fiscais, secretarios e outros funcionarios utilizarán a lingua castelá e que as linguas minoritarias cooficiais só se permitirán se ningunha das partes se opón. Isto, na práctica, levou a que en moitos, senón na maioría dos

casos, as autoridades xudiciais penais, civís e administrativas non permitan os procedementos en comunidades autónomas na lingua minoritaria cooficial, mesmo se o solicita unha parte”. “Este obstáculo xeral para o uso dun idioma cooficial minoritario”, afirma De Varennes no seu informe preliminar, “xera preocupacións en canto ao cumprimento das obrigas internacionais de de-

reitos humanos que se detallarán no informe final”.

É a primeira vez que un representante da ONU vén a Galiza para avaliar a situación dos dereitos lingüísticos da cidadanía o que, desde a Mesa, se considera un éxito da mobilización social a prol do galego. Neste sentido, Marcos Maceira, presidente

**POR VEZ PRIMEIRA, UN REPRESENTANTE DA ONU VÉN A GALIZA PARA AVALIAR A SITUACIÓN DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS DA CIDADANÍA**



A proposta de lei orgánica anunciada polo presidente do PP, Pablo Casado, para prohibir que a lingua cooficial sexa un requisito indispensable á hora de acceder a un emprego público supón, advirte Marcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, “prohibir ou limitar gravemente o noso dereito a usar o galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa”. Esta lei entraría en conflito directo co artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galiza, que sinala que o galego é a lingua propia de Galiza e cooficial,

**Representantes de Queremos Galego reuníronse coa alcaldesa de Lugo, a socialista Lara Méndez, para amosarlle o seu apoio e analizar posibles vías legais.**

**Representantes da Mesa presentáronlle a Fernand de Varennes, relator especial para as minorías da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, evidencias das vulneracións dos dereitos lingüísticos da poboación galega.**

# Contraccións de Galiza

da entidade salienta que “é máis fácil falar da situación do galego cun representante da ONU que co presidente da Xunta” e denuncia que iso “é un déficit democrático que debe ser corrixido”. “A visita do relator da ONU é un éxito da mobilización social”, asegura, “que debe intensificarse para que Estado e Xunta asuman que vulnerar os dereitos lingüísticos é un ataque aos dereitos humanos”. Representantes da Mesa recordáronlle a Varennes que o Estado español e a Xunta de Galiza deben garantir o principio de que os dereitos lingüísticos son dereitos humanos e entregáronlle un informe no que salientan a indefensión da poboación galega ante discriminacións lingüísticas. “No caso de Galiza”, asegura Maceira, “este papel corresponde en solitario á sociedade civil, sen que os organismos públicos actúen ao respecto da defensa dos dereitos lingüísticos da súa cidadanía”.

A Mesa pola Normalización Lingüística reclamoulle por escrito ao presidente da Xunta que corrixa as eivas na garantía dos dereitos lingüísticos da poboación galega sinaladas por Fernand de Varennes. O informe definitivo será presentado no Consello de Dereitos Humanos da ONU en marzo de 2020, no que constituirá a primeira vez que un organismo da ONU tomará posición en relación aos dereitos lingüísticos en Galiza.

## Para mellorarmos a calidade da nosa lingua Pronomes demostrativos

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Os pronomes demostrativos son mostradores ou referenciais no espazo e no tempo, nun sistema tripartido que fai referencia ás tres persoas gramaticais. O seu valor é principalmente déictico e secundariamente anafórico ou catafórico. As formas demostrativas poden ser variábeis canto ao número (“este, ese, aquel / estes, eses, aqueles”) e canto ao xénero (“esta, esa, aquela / estas, esas, aquelas”), e invariábeis (“isto, iso, aquilo”). Embora existan diferentes paradigmas dialectais que presentan un “i” no radical, normativamente este só está consagrado nas formas invariábeis. Tamén cómpre chamar a atención sobre as formas masculinas de plural “estes” e “eses”, con frecuencia barbaramente castellanizadas en “\*estos” e “\*esos”, que deben evitarse.

Outro aspecto formal que debe ser obxecto de atención, nomeadamente na escrita, é a posibilidade de contracción. Os demostrativos contraen obrigadamente coas preposicións “de” e “en” (“deste, desta, disto; naquel, naquela, naquilo; destes, destas; nesas, nesas” etc.). Tamén poden contraer as formas variábeis do demostrativo co pronome identificador “outro(s)/a(s)” (“estoutro, esoutra, aqueloutros” etc.); empréganse estas formas cando se quere manifestar a escolla entre dous termos que se contraponen, a variar só o xénero e o número do segundo elemento (“Non quero esta, quero estoutra / esta outra”). Estas formas contraen por súa vez coas preposicións “de” e “en” (“desoutros, naqueloutra”); mais non se produce contracción das formas invariábeis con “outro” (“Prefiro isto outro”).

As formas invariábeis “isto, iso, aquilo” non son masculinas nin femininas pois teñen base histórica nos neutros latinos; tamén existía no galego antigo o pronome persoal neutro “elo”, mais hoxe desapareceu e pode substituírse por un demostrativo in-

variábel (“Falou diso”, non “\*delo”). Estes restos dos neutros latinos aparecen só en singular, aínda que poden ter significado singular ou plural, pois posúen a capacidade de se referiren a unha ou a varias unidades tomadas como colectividade; tamén se poden referir a secuencias de discurso anteriores (“Iso que dixeron non me convenceu”). Entre “isto” e “este” dáse unha oposición non-animado (ou non-humano) vs. animado (humano), igual que acontece entre “algo” e “alguén” ou “nada” e “ninguén”.

A posición habitual ou non-marcada do demostrativo na frase nominal é a anteposición ao núcleo, de forma que a posposición se converte na posición marcada e por tanto expresivamente máis significativa. Se o demostrativo vai antes do substantivo como determinante incorpora os valores do identificador ou artigo (“Aqueles anos pasados”); por iso tamén se coloca antes do posesivo (“Ese teu pensamento fíxose realidade”). Despois do substantivo, o demostrativo adquire matices especiais de tipo enfático ou expresivo con valor despectivo (“O rapaz ese non para de molestar”).

Os demostrativos teñen diferentes usos e valores expresivos, a maioría pertencentes ao ámbito da fala popular. A depender dos contextos e da entoación, poden exprimir certo valor afectivo ou irónico (“Este rapaz...!”), pexorativo (“Quen é ese?”) ou ponderativo-intensificador con matiz evocador (“Que anos aqueles!”).

Por súa parte, “aquel” e “aquela” poden usarse como substantivos de carácter indefinido e con significados polivalentes tirados do contexto (“Co aquel da neve non veu traballar”; “Esta rapariga ten moita aquela”); por esa falta de concreción no contido poden render eficacia expresiva en determinados textos de teor popular, mais nunha linguaxe cuidada débese evitar o emprego abusivo destas palabras e tamén dos verbos derivados delas (“aquelear”, “aqueloutrar”), pois son máis propias do rexistro coloquial e xeralmente empobrecen a expresividade do idioma. Por seu turno, “daquela” pode funcionar como adverbio de tempo (“Daquela non había tanta présa”) e tamén como marcador discursivo con valor consecutivo (“Está a chover, daquela non saio”), se ben que este uso é máis propio do rexistro informal. Máis propias deste son tamén as contraccións “nisto, niso, nestas, nesas, con isto, con estas” con valor adverbial de tempo (“Estaban a brincar por riba das mesas e nisto entrou a profesora”), “por iso” con valor entre

adversativo e enfático (“Por iso..., moitos cartos gañas!”), “a iso de” (“Chegará a iso das catro”), “iso é”, “iso xa” ou “iso si” (“Iso si, hai que deixar todo ben recollido”) etc.

Usemos, pois, con corrección na linguaxe formalizada as formas normativas dos demostrativos, coas súas correspondentes contraccións, e distingamos nas construcións peculiares en que aparecen o rexistro en que debe ser utilizada cada unha delas.



Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.

## A viñeta de Schrödinger

**X**a chegou ás librarías do país a segunda entrega de *A Viñeta de Schrödinger*, a revista de banda deseñada en galego que coeditan a Mesa pola Normalización Lingüística e a AS-PG. A publicación, que dirixe Kiko da Silva, acolle neste segundo número historias dalgúns dos autores e autoras de máis relevo no panorama da banda deseñada do país, como Miguelanxo Prado, Fran Bueno, o propio da Silva, Kohell, Fernando Llor, Zaida Novoa, Miguel Rojo, Pablo Prado, Fonso Barreiro, Aldara Prado, Joan Casaramona, Miguel Porto, Victor Rivas, Antonio M. Fraga, Miriam Iglesias e Fernando Ruibal, ademais dunha entrevista a Albert Monteys asinada por Roberto M. Sotomulo. O autor da capa é Miguel Robledo. Cada número custa 5 euros e pode mercarse na web da Mesa.

A Mesa leva tempo preocupada pola ausencia do galego en diversos ámbitos como o audiovisual, o empresarial ou o editorial, polo que decidiu promover esta publicación de boa calidade, en galego, para a mocidade do país, que se viu afectada no pasado coa desaparición de publicacións e experiencias anteriores no mundo da banda deseñada.

“A lenda da BD galega di que rara é a revista que supera o número 1”, afirma o editorial do segundo número de *A Viñeta de Schrödinger*, “a maior parte das veces as publicacións de banda deseñada rematan pechando”. “A incerteza de que esta revista estea viva ou morta”, remata o texto de presentación, “depende tamén dunhas moedas, porque o certo é que temos que empezar a pensar que a cultura, para existir, tamén precisa cartos”.



*A Viñeta de Schrödinger* é unha revista trimestral de banda deseñada galega de 32 páxinas a toda cor, cun tamaño 17x24 cm e encadernada con lombo recto. Ten un prezo de

venda de 5 euros, 4'50 euros para socias e socios da Mesa, e foi seleccionada polos lectores do web Ferrenzas Literarias como o segundo mellor proxecto de banda deseñada do pasado ano.

## A comuna del Barruzo



**A** comuna del barruzo é o último proxecto da cantora e activista cultural da Mariña lucense Ugia Pedreira. Un disco libro en galego de Asturias, para crianzas e para persoas adultas que aínda non se despediron da inocencia da infancia, situado e inspirado no territorio Eo-Navia. Asinan estas 10 cancións protagonizadas por seres máxicos como A nena pisquela, Irmá Florita, O ser das ervas ou Gargallú poetas da zona como Héctor Acebo, Quique Roxíos, Belén Rico ou Arturo Álvarez e mais o bretón amigo da Comuna Nicolás Kervazo, ou os propios Ugia Pedreira e Pierrot Rougier, que tamén compuxeron as músicas e intérpretan no disco. Pódense ver na rede os dous primeiros petiscos ou cachín clips: “A nena pisquela” e “A isla dos ventos”. O libro disco custa 20 euros e pode mercarse na tenda da Mesa (para socias e socios 16 euros).

*A comuna del barruzo* aposta pola expresión do movemento como manifestación de vida e polo tanto de aprendizaxe. Todas as músicas están pensadas para ser bailábeis,

desde o ritmo pop-rock a orquestracións máis clásicas de música de cámara, pasando polo reggae e por concepcións máis étnicas, detalles de folk galegoastur, bretón, gaélico ou da India e por sons que recordan debuxos de Miyasaki. Cada letra leva indicada, ademais, a variedade instrumental que se interpreta para traballar a súa identificación na escola, creando paisaxes sonoras diferentes adaptadas a cada temática.

É *A comuna del barruzo* unha oda á ruralidade como fonte auténtica de recursos para a supervivencia, un eloxio á natureza e unha apoloxía dos contrastes e das diferenzas. É a confirmación da riqueza de imaxinario, hipóteses, patrimonio material e inmaterial que xera unha zona de tránsito, de fronteira como o territorio entre estes dous ríos, o Eo e o Navia. Un traballo de alta calidade para abrir unidades didácticas pedagóxicas no ensino do galego de Asturias e para constatar a importancia que ten a arte achegada ao territorio como columna vertebral dunha comunidade que se respecta, que se cuida e se desenvolve nel.

**O número 2 da *Viñeta de Schrödinger* e o último proxecto de Ugia Pedreira, o disco-libro *A comuna del Barruzo*, son as novidades culturais que destacamos neste caderno en defensa do galego.**